



**XOSÉ ANTÓN PARADA FERNÁNDEZ**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante a Comisión de Goberno e ante o Alcalde en relación coa petición dun grupo de veciños sobre a **excesiva velocidade a que se circula pola Estrada Xeral de Castiñeiras**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa dende hai algúns anos, vimos constatando que polo vial denominado Estrada Xeral de Castiñeiras, sobre todo en determinados días da semana e a determinadas horas, os vehículos circulan a unha velocidade excesiva —o límite xenérico dese vial en teoría debería ser de 50 km/h, por mor da continuidade de edificacións e a abundancia das mesmas—; especialmente no tramo á altura da *Praia dos Mosqueiros*. Hai dous anos fíxose, por parte dalgúns veciños, unha solicitude para que se buscara unha solución a dito problema. Situación que se acrecenta en épocas estivais, coa chegada de visitantes ás nosas praias, e sobre todo en épocas de festividades no noso Concello —*Festa da Dorna, Festas do Verán, Festas de Castiñeiras*, etc.—, mais polo de agora non se albiscou solución ningunha a tal situación.

Nos derradeiros días producíronse varios atropelos de mascotas. ¿Que vai pasar cando o atropelado sexa un meniño ou unha persoa de idade?. O **artigo 46 do Regulamento Xeral de Circulación Viaria** insta a moderación de velocidade en determinados supostos (*Apartados 1, a-d e 2*), mais semella que neste vial non se cumpren na maioría dos casos. Sabemos que anteriormente, por parte do Concello, se fixeron varios intentos de limitación da velocidade que resultaron inúteis. Tamén sabemos que o Sr. Alcalde é coñecedor de dita problemática.

Polo tanto

### SOLICITO:

1º Que os técnicos deste concello en colaboración cos da Deputación Provincial —titular do vial—, dadas as características deste estrada, determinen a velocidade a que deben circular os vehículos.

2º Que se doten de beirarrúas os tramos que non as teñen.

3º Que se estuden os elementos axeitados para que os vehículos circulen a unha velocidade que non poña en perigo a integridade de veciños, meniños, mascotas, etc.

4º Que o Sr. Alcalde e/ou a Xunta de Goberno Local faga diante da Deputación Provincial, titular da vía, as xestións pertinentes, tendentes a solucionar este problema.

Ribeira, 24 de Xullo de 2013

Asdo.: Xosé Antón Parada Fernández

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**